

DA TRADICIÓN Á MODERNIDÁ NEL OCCIDENTE D'ASTURIAS: AS «ORQUESTÍAS»

Abel Pérez Méndez

Este artículo falará brevemente y a nivel xenérico das trasformacióis musicales acontecidas nel Occidente asturiano entre a última década del siglo XIX y mediados del siglo XX. Nestos anos as músicas tradicionales (gaiteiros, acordeonistas, tamborileiros, violinistas, etc...) qu'amenizaban as festas populares, ás veces formando agrupacióis (cuartetos y quintetos tradicionales), conviven coas bandas de música. Estas músicas servían d'entretenemento despós das duras tareas laborales. Mentras, aparecían novas realidades económicas y sociales, avances tecnolóxicos, inquietudes culturales, novos espacios lúdicos, etc.

Fruto das trasformacióis socioeconómicas y como fenómeno netamente urbano (qu'irá imitándose nas pequenas vilas a medio camín entre el mundo rural y el urbano), fain aparición unhas prácticas asociativas inicialmente elitistas, pos amplios sectores da población nun dispóin de tempo nin cuartos pra cuotas. Espacios como el casino (tertulia, sociedad, círculo, liceo ou ateneo) son os encargados de levar a cabo actividades de carácter cultural y instructivo-recreativo. Como exemplo, en Ribadeo fórxase el «Círculo de Recreo» en 1851, na Veiga a «Tertulia del Recreo» en 1881 ou en Tapia el «Círculo Católico de Obreros» en 1897. Entre as materias que s'impartían figuraba a enseñanza da música (el solfeo), así como el manexo d'instrumentos de corda y vento, importante prá formación de rondallas y de bandas de música por toda esta zona d'estudio –caso da Banda de Tapia, a Banda de Salave, a Banda la Filarmónica, a Banda da Vilapena, a Banda da Veiga, a Rondalla de Villacondide, etc.–.

A labor d'estas bandas de música é primordial prá xente moza, tendo en conta qu'a única alternativa pra dedicarse a música era entrar nas bandas militares familiarizándose col manexo d'instrumentos de vento, á vez qu'algunhas bandas incorporaron un instrumento tradicional como a gaita, mostra d'un evidente proceso d'hibridación entre lo tradicional y lo reglao.

Estas bandas de música entran na decadencia despós a guerra civil por mor da aparición d'unhos grupos más pequenos chamados por aquel entonces

«orquestías», qu' al ter menos componentes resultaban abondo más asequibles ás economías (xornal y xanta, normalmente distribuidos en diferentes casas) das comisións de festas nunha época d'estrechez económica, además del encanto qu'estas novas formacións novas despertaban.

Nel occidente d'Asturias é a mediados da década dos cuarenta cuando empezaron a medrar estas novas agrupacións musicales, al xeito das pequenas orquestas de jazz americanas, incorporando a batería como instrumento de percusión. Empezaron sendo grupos pequenos (entre cuatro y seis músicos) y pouco a pouco foron medrando. Esta influencia das *jazz band* americanas pasou tamén en Latinoamérica a partir dos últimos anos vinte. A interacción entre os fundacionais sextetos y septetos de sones y as *jazz bands* importadas d'Estados Unidos, formal y armónicamente muito máis completas, provocaron el empezo d'un fenómeno que nos anos 40 alcanza el sou máximo esplendor: a era dos conxuntos de sones.

Nel Occidente astur el repertorio d'estas «orquestías» medraba coa inclusión de novos ritmos, muitos d'elos chegados d'América Latina (el buggie, el mambo, el bolero, a habanera, a samba, el tango, etc...). Estos grupos compoñíanse como mínimo de trompeta, saxofóns altos y tenor, y batería. Algunhos tamén tían contrabaxo. Pouco a pouco fóronse amecendo outros instrumentos, qu'en ocasións eran tocados polos mismos músicos que se vían obrigaos a doblar instrumentos (clarinete, acordeón, violín, maracas, etc.) en función da capacidá de cada ún. Además dos novos ritmos tamén s'introducen cambios performativos xa qu'estas novas agrupacións xa nun tocaban en círculo como as bandas, senón mirando de frente con un vestuario colorista, lonxe dos traxes tradicionales y dos serios uniformes das bandas, y situábanse ademáis encima d'un escenario.

Entre as primeiras agrupacións ta a Orquesta Fantasio, en Navia a mediados dos cuarenta. En 1946 nacía a Orquesta Allegro, en Tapia, entre cuatro músicos que pertencían á banda de música La Filarmónica. Xa na década dos cincuenta, medran un bon número d'orquestas por toda esta zona: Orquesta Copacabana, en L.luarca, Orquesta Osnola, en Miudes, Orquesta Ritmo, na Caridá, Orquesta Ibys, na Veiga, Orquesta Parinni y Orquesta Monterrey, en Ribadeo. Lougo vein outras, qu'en ocasións taban formadas por músicos xa d'estas citadas orquestas, caso del Conjunto Azul, en Piantón, Orquesta Bahía y Orquesta Tropical, en Veiga ou a Orquesta Montecarlo, Orquesta Gran Casino, en L.luarca, Orquesta Amapola y Orquesta River Club, na Caridá, Los Sierros, en Outur, Orquesta Gefán, en L.luarca, Orquesta Monterrey, Orquesta Trovador y Orquesta

Veracruz, na Veiga, Orquesta Iris, en Navelgas, Orquesta Los Modernos, en Santalla d'Ozcos, etc.

A este estoupido das «orquestías» axudóu muito a creación y consolidación dos salóis de baile –unde estos grupos amenizaban os bailes qu'a xuventú demandaba–. Polo tanto medra , en paralelo, al marxe das festas populares, unha certa infraestrutura d'ocio. A partir del ano 1948 existen varios salóis como el das Figueiras, el da Roda, el Salón Casa Rego en Valdepareas, el del Velouxo na Caridá, el Salón Casa Elías ou Infanzón Park en Cartavio, en Tapia El Edén, El Parador y A Terraza, El Salón de Cuaña, el Salón de Villuir, el Parque Marisol en Villar (L. Luarca), Salón Roque Nublo en Castropol, El Sotanillo en Navia, Salón Negresco en Ortigueira, Salón de Alfonso na Caridá, Salón Casa del Penedo en Rebollada, Salón de Otur, Salón Martínez en Serantes, Salón de Puertu de Veiga, Salón de Villapedre, Taberna la Paz en Miudes, Las Escuelas en Villarmarzo, Salón de Casa Trueba en Godella, Salón el Chavolo ou La Perla en Arancedo, Salón La Argentina en Campos, Salón de Paredes y de Setienes en Valdés, Salón El Sotanillo en Navia, El Palacio de Villar, El Requisito na Caridá, ou A Pista y El Parque dos Pinos na Veiga (unde se chegou a fer un festival da canción en tres edicióis nos anos 1964, 1965 y 1966, baxo el lema de «Festival da Canción del Eo»).

Muitos d'estos salóis tían un ciclo estable de programación contando con unha orquesta titular y, na medida das posibilidades económicas, traíanse outras atraccióis. Outra posibilidá era alternar el baile col cine, caso del Edén en Tapia. Primordial pra aquela aparición dos salóis y as «orquestías» foi el avance tecnolóxico y a chegada, sobre el ano 1947, da megafonía. Pra qu'esta tecnoloxía podese ser efectiva previamente houbo darse un lento proceso d'instalación de sistemas de corriente eléctrica, primeiro nos núcleos urbanos principales y más adelante nos pequenos pueblos y aldeas. El micrófono, el amplificador y os altavoces foron innovadores, causando gran impacto y permitindo incorporar a figura del vocalista.

Planteada a elección del tema y mostradas esquemáticamente as referencias históricas que nos levan a apuntar a viabilidad y necesidá de realizar un estudio más serio y detallao dende el ámbito universitario musicolóxico, hemos fer unha reflexión ou declaración d'intenciones acerca da metodoloxía. É pouca a información sobre este tema y a qu'hai, ta formada por declaracións periódísticas y certos datos en portales d'internet referidos a grupos y conciertos. A case ausencia d'unha perspectiva musicolóxica deixóu como exclusivo achegamento a visión periódística e histórica. Falta un análisis pormenorizado dos parámetros

musicales que caracterizaron estas formacións musicales tipo *Jazz Band* conoci- das coloquialmente en Asturias como «Orquestías».

Tamén falta un estudio pormenorizado das relacións entre os grupos musi- cales implicados nel periodo acotado pral sou estudio. Del mesmo xeito faltan análisis sobre as conexións entre os axentes sociais y a realidá del día a día d'estos produtos de entretemimiento con metodoloxías propias da socioloxía, a antro- poloxía ou os estudos culturais. Por último, é interesante profundizar na posi- ble relación entre el fenómeno *Jazz Band* nel occidente d'Asturias y outras *Jazz band* d'outros territorios.

Faría falta, tamén, comprobar cómo operan as conexións entre un sito y a súa música, cómo os significaos xeográficos son construídos y cómo los reconece el público. É necesario investigar cómo ou en qué forma si tal vez determinaos ins- trumentos y elementos musicales adquieren un significado xeográfico local (uso da gaita con dixitación aberta máis asomeñada á galega). Aceptando que, si ben a difusión da mayor parte das formas simbólicas (a través del cine ou a radio) aveza a ser global, a súa apropiación nun pode ser sinón local.

Tal dilema solo pode ser resolto pola investigación en dous ámbitos como son el trabayo hemerográfico y el trabayo de campo.

BIBLIOGRAFÍA

- CÁMARA, Enrique (2003): *Etnomusicología*. Madrid, Ediciones ICCMU.
- VILLAR, Martín de & Orlando ESCOBAR (2009): *El Cancioneiro d'Alonso*. Uviéu, Ediciones Nobel.
- GARCÍA «GALANO», Manuel (1998): «Notas pral estudio das agrupacións musicales del conceyo de Tapia», n' *Estudios das terras del Navia-Eo*. Uviéu, ALLA: II-17.
- MARTÍ, Josep (1996): *El Folklorismo: uso y abuso de la tradición*. Barcelona, Ediciones Ronsel.
- MARTÍN, Félix (1999): «Noites de Ronda. As rondallas nel occidente asturiano», n' *Entrambasaguas* 10: 3-5.
- (2004): «Aquelas orquestías da Veiga», n' *Entrambasaguas* 20: 24-25.
- PELINSKY, Ramón (2000): *Invitación a la etnomusicología, Quince Fragmentos y 1 tango*. Madrid, Ediciones Akal.
- SÁNCHEZ, Antonio Javier (2003): *La Obrera, historia y Patrimonio de Vegadeo*. A Veiga, Ayuntamiento de Vegadeo.

SANJURJO, Cándido (1996): *Entre el Fonteo y el Mar*. Uviéu, Principáu d'Asturies.

STOKES, Martin (1994): *Ethnicity, identity and music: the musical construction of place*. Oxford, Berg Publishers.

SUÁREZ, Xosé Miguel (2006): *Xa chegan os Quirotelvos, Gaiteros, cuartetos y outros músicos populares nel estremo occidental d'Asturias*. Xixón, Fundación Municipal de Cultura, Educación y Universidá Popular del Conceyu de Xixón.





Fotos da Orquesta Capri cedidas pola familia de José Villanueva.